

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 26 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, pola que se publica a Resolución do 25 de setembro de 2025 pola que se aproba a relación de persoas admitidas e a lista de espera para cubrir as estadias en prazas de establecementos balnearios dentro do programa Benestar en balnearios para o ano 2025.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 16 de xuño de 2025, publícase a Orde do 6 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de estadias en prazas de establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do programa Benestar en balnearios e de axudas para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS607A).

O número de estadias convocadas destínase a cubrir 1.276 prazas e a súa distribución por establecementos balnearios figura no anexo IV da convocatoria.

A resolución correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o disposto no artigo 16.1 da dita orde.

De conformidade co disposto no artigo 16.3, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións e actos administrativos que afecten as persoas interesadas. Non obstante, e tendo en conta que a publicación destes actos pode lesionar dereitos e intereses lexítimos das persoas solicitantes, publicarase na páxina web da Consellería (<https://politicasocial.xunta.gal>) unha listaxe cos resultados da adxudicación e da lista de espera, consonte co previsto no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación da Resolución do 25 de setembro de 2025 pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e a lista de espera para cubrir as estadias

CVE-DOG: r85rlxj0-yyr7-dmb5-6xl3-svw2hzqomwk7



en prazas de establecementos balnearios dentro do programa Benestar en balnearios para o ano 2025.

Segundo. Comunicar que a Resolución do 25 de setembro de 2025 pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, ou impugna-la directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025

Antonio Acevedo Prado
Director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

ANEXO

Resolución do 25 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, pola que se aproba a relación de persoas admitidas e a lista de espera para cubrir as estadias en prazas de establecementos balnearios dentro do programa Benestar en balnearios para o ano 2025.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 16 de xuño de 2025, publicouse a Orde do 6 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de estadias en prazas de establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do programa Benestar en balnearios e de axudas para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS607A).

O número de estadias convocadas destínase a cubrir 1.276 prazas e a súa distribución por establecementos balnearios figura no anexo IV da convocatoria.

A resolución correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o disposto no artigo 16.1 da devandita orde.

De conformidade co disposto no artigo 16.3, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións e os actos administra-

CVE-DOG: r85rlxj0-yvr7-dmb5-6xl3-svw2hzqomwk7



tivos que afecten as persoas interesadas. Non obstante, e tendo en conta que a publicación destes actos pode lesionar dereitos e intereses lexítimos das persoas solicitantes, publicarase na páxina web da Consellería (<https://politicassocial.xunta.gal>) unha listaxe cos resultados da adxudicación e da lista de espera, en consonancia co previsto no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En virtude do exposto, e de conformidade coas facultades atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas para cubrir as prazas nos balnearios e quendas do programa Benestar en Balnearios 2025, que figura no anexo I.

Segundo. Aprobar a listaxe definitiva de persoas en lista de espera, que figura no anexo II.

Terceiro. A adxudicación de prazas vacantes con posterioridade á resolución realizárase, se é o caso, conforme o disposto no artigo 14 da orde de convocatoria.

Cuarto. A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, ou impugnala directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025. A conselleira de Política Social e Igualdade. P.D. (Artigo 16.1 da Orde do 6.6.2025; DOG núm. 113, do 16 de xuño). Antonio Acevedo Prado, director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria.

CVE-DOG: r85rlxj0-yyr7-dmb5-6xl3-svw2hzqomwk7

